

**DECRETO NÚMERO 17008545 DO 29/09/2017**

**Ilma Sra. Dona Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da lingua.**

Instruído o expediente relativo a: **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA O ANO 2017. ADXUDICACIÓN DIRECTA.**

Examinado o expediente e visto:

PRIMEIRO.- Decreto número 16005647 do 18/07/2016 mediante o cal se aprobaron as bases técnicas e administrativas para a autorización da instalación de postos de venda na “III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018 e 2019”.

SEGUNDO.- Decretos números 16007500, 16007573 e 16007619 dos días 4, 7 e 11 de outubro de 2016, respectivamente, mediante os cales se procedeu á adxudicación dos postos de venda na “III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018 e 2019”.

TERCEIRO.- Decreto número 17006622 do 19/07/2017 mediante o cal se aprobou o procedemento de licitación para a autorización de instalación de nove postos de venda na IV feira de artesanía e gastronomía do San Froilán para os anos 2017, 2018 e 2019. Expdte Ref: 29-2017.

CUARTO.- Decreto número 17008226 do 22/09/2017 mediante o cal se aprobou a adxudicación de 4 postos no procedemento de licitación para a autorización de instalación de nove postos de venda na IV feira de artesanía e gastronomía do San Froilán para os anos 2017, 2018 e 2019. Expdte Ref: 29-2017.

QUINTO.- Decreto 17008327 de 26 de setembro de 2017, corrixido de erros mediante Decreto 17008492 de 29 de setembro de 2017, polo que se autoriza a renovación de postos adxudicados no ano 2016, se declaran extinguidas as autorizacións dos postos adxudicados no ano 2016 por renuncia ou non renovación e se procede a apertura do prazo de adxudicación directa de postos de venda vacantes para a Feira de Artesanía e Gastronomía exclusivamente para as festas patronais do San Froilán 2017.

SEXTO.- Acta da Comisión avaliadora de data 28 de setembro de 2017 que textualmente dí:

**" ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA O ANO 2017. ADXUDICACIÓN DIRECTA.**

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/xmcr

Refª: 1506699864615.doc

Asunto:

*Sendo as 10:30 horas do día 28 de setembro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Comisión Avaliadora conformada polo Xefe do servizo de contratación, don Xosé Manuel Cao Rei, o persoal da Sección de Cultura dona Patricia Lopez Seijas e don Carlos Álvarez Llamas e don José Manuel Río Espiño Comisario do Feiral.*

*Ponse de manifesto que á referida licitación se presentaron as seguintes plicas no rexistro deste Concello:*

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> JOSÉ RÍOS GÓMEZ.
- MARINA E MAICA, S.L.
- D<sup>a</sup> NOEMI NÚÑEZ NÚÑEZ.

*Examinadas as solicitudes procédese a continuación á comprobación da adecuada presentación da documentación requirida, resultando o seguinte:*

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> JOSÉ RÍOS GÓMEZ: *presenta correctamente toda a documentación.*
- MARINA E MAICA, S.L.: *presenta correctamente a documentación con excepción da póliza de seguro que non contempla as coberturas solicitadas.*
- D<sup>a</sup> NOEMI NÚÑEZ NÚÑEZ: *presenta correctamente a documentación con excepción da póliza de seguro que non contempla as coberturas solicitadas e o certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria (AEAT).*

*Dadas as datas actuais e de celebración das festas, a Comisión acorda propoñer ao órgano competente a adxudicación dos postos solicitados a dona M<sup>a</sup> JOSÉ RÍOS GÓMEZ, MARINA E MAICA, S.L. e D<sup>a</sup> NOEMI NÚÑEZ NÚÑEZ condicionados á presentación da documentación referida e a comprobación da non existencia de débedas tributarias co Excmo. Concello de Lugo, extremos que serán debidamente comprobados polo persoal da Sección de Cultura..*

*Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento."*

Por todo o anteriormente exposto, e en virtude do acordo número 15/358 aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de xuño de 2017, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2017, propónse á adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Autorizar as persoas e empresas abaixo relacionados á **INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN EXCLUSIVAMENTE PARA O ANO 2017** todo elo condicionado á achega, de ser o caso, da documentación posta de manifesto na Acta da Comisión

Avaliadora de data 28 de setembro de 2017, antes transcrita e o pagamento das taxas, prezo público e fianza establecidas no apartado seguinte:

*Dª Mª JOSÉ RÍOS GÓMEZ*

*MARINA E MAICA, S.L.*

*Dª NOEMI NÚÑEZ NÚÑEZ*

A comprobación da presentación da documentación sinalada e do pagamento das taxas, prezo público e fianza establecidas será realizada pola Sección de Cultura con carácter previo á entrega das chaves do posto de venda.

**SEGUNDO.-** Requirir ás citadas empresas e persoas físicas para que presenten con carácter previo ao inicio da montaxe o xustificante de ingreso das seguintes cantidades:

a) Prezo público de uso de stand .....	507,08 euros
b) Taxa por ocupación de vía pública (Ordenanza Fiscal núm. 152) .....	97,55 euros
c) Fianza .....	100 euros
<b>Importe TOTAL .....</b>	<b>704,63 euros</b>

**TERCEIRO.-** Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Excmo. Concello de Lugo.

**CUARTO.-** Dar traslado da presente resolución ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas, indicando que contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.